

CEIP PLURILINGÜE GREGORIO SANZ

ENTROIDO 2024

- Este curso no CEIP Plurilingüe Gregorio Sanz, levamos a cabo o Proxecto **“Mergullándonos en Ribadeo”**, para profundizar no coñecemento do noso Concello: as diferentes parroquias que o conforman, actividades económicas de cada lugar, aspectos culturais e históricos...
Para a temática do desfile do Entroido decidimos achegarnos á nosa Ría, e articular os nosos disfraces en torno a elementos propios do mundo mariño.
- Así que, puxémonos mans á obra, e cada curso luciu o venres, 9 de febreiro, o resultado do traballo das semanas previas:
 - 4º Infantil: **Buzos**
 - 5º Infantil: **Sereas e tritóns**
 - 6º Infantil: **Piratas**
 - 1º Primaria: **Polbos**
 - 2º Primaria: **Medusas**
 - 3º Primaria: **Estrelas de mar**
 - 4º Primaria: **Peixes da ría**
 - 5º Primaria: **Pescadores**
 - 6º Primaria: **Surfistas**
- Saímos do colexio, percorrendo as rúas de Ribadeo ata o Cantón, onde escenificamos a coreografía dunha versión da coñecida canción “Baixo o mar”, acompañados por numeroso público, as nosas familias e xente da vila que se achegou a desfrutar con nós.
- E non podemos esquecernos de agradecer á ANPA A Faxarda e ao Concello de Ribadeo, que custearon a actuación musical da charanga “Louband Street Band”, que animou coa súa música o percorrido do desfile e a chegada ao Cantón.